

## ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 18 DE XUÑO DE 2021.

**PRESIDENTE:**

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

**VOGAIS:**

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.  
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.  
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.  
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.  
DONA IRIA LAMAS SALGUEIRO (*En substitución de Dona RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS*).  
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.  
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.  
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.  
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.  
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.  
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.  
DON IGNACIO MARIL PARDO.  
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.  
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.  
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.  
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 12:00 horas do día 18 de xuño de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

A Deputada Dona Iria Lamas Salgueiro asiste en substitución da Deputada Dona Raquel Giráldez Armas.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL, DO DÍA 21 DE MAIO DE 2021.**

Sometido a votación o asunto, apróbanse por unanimidade a acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, do día 21 de maio de 2021.



## **2. DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DO CONCELLO DE BAIONA NA DEPUTACIÓN PARA DESENVOLVER AS FACULTADES DE XESTIÓN, INSPECCIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DO IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DE VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA.**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada pola directora de xestión de servizos do ORAL con data 14 de xuño de 2021 na que figura o conforme do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e ORAL, en relación coa delegación de competencias do Concello de Baiona na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Concello de Baiona na sesión que tivo lugar o día 06 de maio de 2021 acordou delegar na Deputación Provincial de Pontevedra as facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).*

*O artigo 7 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, de acordo co establecido nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, prevé que as entidades locais poidan delegar as facultades de xestión, liquidación, inspección e recadación dos seus tributos e demais ingresos de dereito público nas entidades locais en cuxo territorio estean integradas, mediante acordos plenarios de delegación e aceptación e a súa posterior publicación nos boletíns oficiais da provincia e da comunidade autónoma.*

*Polo Servizo de Xestión Catastral e Tributaria o IBI; Servizo de Recadación-Tesourería, Servizo Xurídico e Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra – ORAL, emitíronse sendos informes relativos á delegación acordada.*

*En base ao exposto o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital acorda:*

*PRIMEIRO.- Acéptase a delegación efectuada por acordo do Pleno municipal do Concello de Baiona, adoptado na sesión que tivo lugar o 06 de maio de 2021, nos seguinte termos:*

*Delegación das facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana (IIVTNU).*

### **COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA.**

*Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación Provincial.*



*O Concello deberá prestar, polos seus servizos técnicos, a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos:*

- *A emisión por ditos servizos técnicos, previa petición, dos informes necesarios, no prazo establecido no artigo 80.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para tramitar as facultades delegadas.*
- *A localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ó pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades.*
- *Poñer á disposición dos servizos tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.*
- *A remitir a información dos valores entregados ao cobro, co formato, datos e polo canle sinalado pola Deputación*
- *A exposición pública no taboleiro de anuncios da entidade delegante e noutros lugares de costume dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas.*

*Pola súa parte, a Deputación Provincial:*

- *Porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.*
- *A Deputación asumirá a representación e defensa ante os órganos xurisdiccionais, que se levará a cabo polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas e será gratuíta para as entidades delegantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL-Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingreso na Tesourería da Deputación de Pontevedra- ORAL. En caso de condena en costas do ORAL-Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante, suposto no que será asumido por dita entidade*

### **NORMATIVA.**

*A delegación sométense ás condicións establecidas na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, na Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.*



*O concello ten atribuída legalmente a potestade regulamentaria, fiscal neste caso (art. 15 do TRLHL), que consiste en acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes. A Deputación ten aprobada unha ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) cuxa función é, entre outras, complementar as ordenanzas municipais. Con todo, en caso de conflito entre ambas as regulacións, sempre que verse sobre as facultades especificamente delegadas na Deputación, primará a regulación provincial e o municipio, no seu caso, adaptará ou modificará a súa ordenanza. No suposto de desacordo entre ambas administracións, calquera delas poderá revogar a delegación o a súa aceptación, ben para o artigo ou artigos afectados ou ben para a facultade delegada. En todo caso, a DPP-ORAL colaborará co Concello na actualización ou conformidade coa normativa vixente das OO.FF cuxos ingresos foron obxecto de delegación.*

### **CONDICIÓN S ECONÓMICAS.**

*A contraprestación polo exercicio da delegación é o fixado na normativa da DPP.ORAL que se acompaña ao presente acordo. As condicións económicas poderán ser revisables, dentro do período pactado ou das súas prórrogas, cando o custo do servizo se altere e/ou veñan establecidas por disposicións de obrigado cumprimento.*

### **CONFIDENCIALIDADE.**

*Terá a consideración de información confidencial toda a información susceptible de ser revelada por escrito, de palabra ou por calquera outro medio ou soporte, tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que posibilite o estado da técnica no futuro, intercambiada como consecuencia deste acordo, salvo aquela información que deba ser pública segundo o establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*

*Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal segundo o previsto no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, salvo que de forma expresa autorícese a comunicación ou a cesión. Con todo, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, a que sexa de acceso público.*

*As partes obríganse con respecto á información e material que puidesen recibir como consecuencia deste acordo a:*

- a) Utilizar a información de forma reservada.*
- b) Non divulgar nin comunicar a información facilitada ou recibida, salvo resolución motivada nos termos establecidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.*
- c) Impedir a copia ou revelación desa información a terceiros, salvo que goce de aprobación escrita das partes e unicamente nos termos de tal aprobación.*



- d) *Restringirase o acceso á información aos seus empregados e colaboradores, salvo na medida en que razoablemente poidan necesitala para o cumprimento das súas tarefas acordadas.*
- e) *Non utilizar a información ou fragmentos desta para fins distintos da execución deste acordo.*
- f) *Cumprir con todos os termos fixados no presente acordo e moi especialmente aqueles relativos á confidencialidade e obriga de secreto, mantendo esta confidencialidade e evitando revelar a información a toda persoa que non sexa empregado.*

*As partes comprométense a manter o compromiso de confidencialidade respecto á información e material facilitado e recibido en virtude do presente acordo de forma indefinida tras a súa finalización.*

### **PROTECCIÓN DE DATOS.**

*O Concello terá a consideración de responsable do tratamento, conforme ao establecido no artigo 24 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 28 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento as obrigas contidas na normativa sobre protección de datos, especialmente o referido ao deber de información na recollida dos datos persoais.*

*A Deputación Provincial de Pontevedra-ORAL terá a consideración de encargado de tratamento, conforme ao establecido no artigo 28 do Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, así como no artigo 33 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no resto de normativa vixente na materia, polo que deberá dar cumprimento, ás obrigas incluídas a continuación, esixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:*

- *Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.*
- *Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se o encargado do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente ao responsable.*
- *Levar por escrito, segundo o artigo 30 do RGPD, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto no referido artigo.*
- *Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións deste último.*



- *Manter o deber de secreto respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude do presente encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.*
- *Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais comprométanse, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que lles informará convenientemente. O encargado manterá ao dispor do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.*
- *Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.*
- *Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás devanditas solicitudes dos interesados nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitará ao responsable, a requirimento deste, e o máis axiña posible, tanta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos . No caso de que os afectados solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informarlles a través de calquera medio fidedigno, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso a través de <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.*
- *No caso de que se prevexa a recollida de datos directamente polo encargado do tratamento, este facilitará a información relativa aos tratamentos de datos que se van a realizar no momento da recollida destes. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás esixencias previstas no RGPD.*
- *Notificar ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implementando as medidas de seguridade necesarias, as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación do incidente, no seu caso, á Axencia Española de Protección de Datos, conforme ao previsto no artigo 33 do RGPD.*
- *Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.*
- *Implantar as previsións recollidas no Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:*
  - *Garantir a confidencialidade, integridade e dispoñibilidade dos sistemas e servizos de tratamento.*



- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- Comunicar ao responsable a identidade e datos de contacto da persoa delegada de protección de datos da Deputación de Pontevedra que é accesible a través da páxina <https://www.depo.gal/proteccion-de-datos/persoa-delegada>.
- Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto da presente contratación, os datos de carácter persoal e, no seu caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Con todo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

En consecuencia o acceso a datos de carácter persoal no marco deste acordo realízase co único fin de permitir unha adecuada prestación dos servizos e non se considerará como unha cesión ou comunicación de datos.

### **ENTRADA EN VIGOR E PRAZO DE VIXENCIA**

A delegación terá unha vixencia, segundo a base 3 (Delegación de competencias) da Disposición adicional V das Bases de Execución do vixente Orzamento da Deputación Provincial de Pontevedra, de dez anos, contados desde a data de formalización do acordo, prorrogables por períodos de cinco anos excepto denuncia expresa de calquera das partes. A denuncia deberá efectuarse cun prazo dun ano de antelación á data prevista de finalización da vixencia do mesmo.

A delegación esténdese a todos os ingresos públicos polo concepto ou conceptos delegados que non estean prescritos.

O contido deste acordo, unha vez aceptado polo pleno da Deputación de Pontevedra e publicado en extracto no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o día seguinte a súa preceptiva publicación Diario Oficial de Galicia.

**SEGUNDO.-** Facultase á Presidencia para a sinatura da documentación que sexa necesaria para a execución do presente acordo.

**TERCEIRO.-** Este acordo polo que se acepta a delegación efectuada polo Concello de Baiona farase público mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia, tal como determina o artigo 7.2 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.“



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á delegación de competencias do Concello de Baiona na Deputación de Pontevedra para desenvolver as facultades de xestión, inspección, liquidación e recadación do Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

### **3. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 1/2021 DO CONSORCIO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DO DEZA E TABELRÓS-TERRA DE MONTES.**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo asinada polo Secretario da Comisión con data 14 de xuño de 2021, en relación coa aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, cuxo contido é o seguinte:

*“O Pleno do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 27 de maio de 2021, acordou aprobar o expediente de crédito extraordinario número 1/2021, por importe de 340.000,00 euros. Este acordo adoptase, segundo se sinala na providencia da Presidencia do Consorcio de data 19 de maio de 2021, para poder efectuar a contratación da subministración dun vehículo Autobomba Pesado (BUP) debido a que o vehículo actual destas características e superior a 25 anos, presentando importantes*





*problemas operativos, o que provoca unha merma na atención ás emerxencias na zona xeográfica e poboacional do Parque de Bombeiros.*

*Resultando que o non existir crédito no orzamento do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes para o exercicio de 2021 para realizar investimentos en vehículos utilizados para o funcionamento operativo dos servizos é o motivo polo que é necesario a tramitación deste expediente de modificación de créditos número 1/2021, por importe de 340.000,00 euros que se financia co remanente positivo de Tesourería para gastos xerais do orzamento do Consorcio.*

*Resultando que o Servizo de Intervención da Deputación de Pontevedra emite informe de data 14 de xuño de 2021, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como en relación cos recursos que os financian, respectando o equilibrio orzamentario e no informe da Intervención do Consorcio de data 20 de maio de 2021, tamén se indica que se considera axeitado o financiamento deste expediente ó acudir á un crédito extraordinario na aplicación 136.624 “Elementos de transporte: Gastos de investimentos en vehículos utilizados para o funcionamento operativo dos servizos”, por importe de 340.000,00 euros e ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do orzamento de 2020, por importe de 340.000,00 euros.*

*Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e sustentabilidade financeira, e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.*

*O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, acorda:*

***Primeiro:*** *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, que inclúe créditos extraordinarios por importe global de 340.000,00 euros. Este expediente financíase con cargo ao remanente líquido de tesourería para gastos xerais obtido da liquidación do orzamento de 2020, por importe de 340.000,00 euros.*

*As aplicacións ás que afecta esta modificación son as seguintes:*

<i>Aplicación</i>	<i>Detalle do gasto</i>	<i>Importe</i>
136.624	<i>Elementos de transporte. Gastos de investimentos en vehículos utilizados para o funcionamento operativo dos servizos</i>	340.000,00 €



Aplicación	Detalle do ingreso	Importe
870.00	Remanente líquido de Tesourería para gastos xerais.	340.000,00 €

**Segundo:** *Este expediente de modificación de crédito número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, exporase ó público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).*

*As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.*

*Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de crédito número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formularsen reclamacións contra o mesmo.“*

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, sete (7) do grupo provincial do Partido Popular e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.



A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 1/2021 do Consorcio Contraincendios e Salvamento das Comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE, do Partido Popular e do BNG.

#### **4. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA.**

O Deputado, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso presentou o día 15 de xuño de 2021 co número de rexistro WEB 2021025640 unha moción do grupo provincial do Partido Popular asinada polo Deputado e voceiro do grupo provincial, Jorge Cubela López con data 14 de xuño de 2021, en relación á conectividade na Provincia de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

##### **“MOCIÓN EN RELACIÓN Á CONECTIVIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA**

*Internet converteuse nunha ferramenta fundamental para o noso día a día, permítenos estar conectados con outras persoas, enviar correos electrónicos, buscar información, dispoñer de entretemento, comprar de forma electrónica, acceder á banca, facer xestións de xeito telemático... pero tamén é unha ferramenta básica e indispensable para o ensino e, como non, tamén para as empresas e a súa competitividade. Por iso, hoxe en día o dispoñer dunha boa conectividade a internet é practicamente un dereito do que calquera persoa quere gozar, pero a realidade demostra que aínda hai unha brecha dixital moi importante entre os habitantes do medio rural e do urbano.*

*A banda ancha en moitos lugares da provincia sigue a día de hoxe sendo unha aspiración, con zonas sen practicamente cobertura ou outras onde a velocidade é moi lenta, mentres nas cidades xa están pensando na tecnoloxía 5G. Como exemplos podemos sinalar Rodeiro, Covelo, A Lama, Forcarei, Fornelos, pero incluso tamén parroquias de Pontevedra non dispoñen dunha conexión de calidade. Unha clara desigualdade de oportunidades que condena ás persoas que elixen residir no rural pero tamén ás empresas que se instalan neses concellos.*

*Esta necesidade de estar conectados aumentou durante a pandemia e nesta nova normalidade, xa que os fogares se converteron en oficinas e escolas, co impulso do teletraballo e das clases online. Pero a baixa conectividade converteuse nun gran obstáculo para os fogares no rural, que se atoparon cunha evidente desigualdade de oportunidades con respecto aos fogares urbanos. Fogares nos que seguir unha clase online ou manter unha reunión de traballo telemática sen interrupcións é practicamente imposible, así como abrir unha páxina web sen a necesidade de esperar un tempo prolongado a que cargue. Pero esta nova normalidade tamén fomentou as xestións*



*telemáticas, tanto nas tramitacións coas administracións, ou outras xestións básicas con empresas ou servizos instalados na zona.*

*Existen numerosos estudos que amosan unha correlación positiva entre a penetración das redes de alta capacidade nun país e o crecemento económico do mesmo.*

*A propia UE fixou como obxectivos estratéxicos de conectividade para 2025:*

- a conectividade de alta velocidade para todos os principais motores socioeconómicos.*
- unha cobertura 5G sen interrupcións nas zonas urbanas e grandes vías de transporte terrestre.*
- e un acceso á conectividade que ofrezca polo menos 100 Mbps a todos os fogares europeos.*

*Na mesma liña, o Goberno do Estado na axenda dixital “España Digital 2025” establece como obxectivo, garantir unha conectividade dixital adecuada para o 100% da poboación, promovendo a desaparición da fenda dixital entre as zonas rurais e as urbanas e establecendo como meta para o ano 2025 o 100% da poboación con cobertura 100 Mbps.*

*A Xunta de Galicia, co obxectivo de configurar un futuro dixital para a cidadanía galega e contribuír ao desenvolvemento económico, social e medioambiental do noso territorio, fixou como folla de ruta a Estratexia Galicia Dixital 2030, asegurando así a integración e perfecta coordinación co establecido pola UE e a España Dixital 2025.*

*Neste senso, os concellos como administracións máis próximas aos cidadáns atendemos a diario as peticións de acceso á cobertura de banda larga e á cobertura de banda larga ultrarrápida que realizan as veciñas e veciños, así como as empresas das zonas con falta de conectividade ou insuficiente conectividade. Estas demandas non só as fan os nosos veciños e empresas, senón tamén aqueles que desexan instalarse no noso concello.*

*A necesidade destas peticións é evidente. Por poñer uns exemplos sinxelos: como podemos nun concello ofrecer administración electrónica ou comunicarnos electronicamente cos administrados se estes non dispoñen de internet?, por qué lle negamos a un veciño que dispoña dunha casa rural anunciar ou xestionar as reservas no seu negocio?*

*Polo tanto, é fundamental dotar ao rural dunha conexión de internet de calidade, porque vivir no rural non pode ser unha desvantaxe. Hoxe en día unha boa conexión a internet é tan importante como ter unhas boas comunicacións por estrada, ou como o foi a luz eléctrica e a auga a comezos do século XX.*

*O acceso a Internet máis rápida e de mellor calidade ten unha importancia crecente, non só para a competitividade empresarial, a innovación e a cohesión territorial, senón*



*tamén pola súa contribución á inclusión social, e en definitiva á mellora da calidade de vida dos veciños, para evitar o despoboamento e mellorar o desenvolvemento dos concellos.*

*Tendo en conta que as telecomunicacións son servizos de interese público, estando garantido o dereito de todos os cidadáns ao acceso en condicións adecuadas independentemente da dispersión poboacional, da orografía e o relevo do territorio, e dado que os concellos ao igual que o resto de administracións públicas temos a obriga de velar pola igualdade de oportunidades de toda a cidadanía e toda vez que detectamos que nos concellos desta provincia non existe despregamento de redes en moitos núcleos de poboación, principalmente nos concellos máis pequenos e no rural.*

*En base ao anteriormente exposto o Grupo Popular na Deputación de Pontevedra solicita ao Pleno a adopción dos seguintes acordos:*

*Primeiro: Trasladar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital a nula ou insuficiente conectividade en núcleos de poboación do rural da provincia.*

*Segundo: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital para que, no territorio galego e no marco das súas competencias, priorice o despregamento de banda larga nas zonas brancas das entidades de poboación menos poboadas, así como nas zonas que non están catalogadas como “zonas brancas” na listaxe elaborada polo dito Ministerio pero que o son de facto, así como dote tamén de cobertura ás zonas que non dispoñen nin tan sequera de servizos básicos de telefonía móbil, como áreas de maior risco de fenda dixital, e teña en conta as achegas dos concellos como institucións máis próximas á realidade e mellor coñecedoras das necesidades do seu territorio.*

*Terceiro: Instar ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, para que no marco das súas competencias proceda, á maior brevidade, ao despregamento de redes de banda ancha e telefonía móbil nos núcleos de poboación dos concellos da provincia para asegurar así unha correcta provisión das necesidades de comunicación propias, eliminar a fenda dixital e as barreiras e desigualdades que xorden entre a poboación dependendo do seu lugar de residencia.*

Sometida a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación a conectividade na provincia de Pontevedra, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2)



do grupo provincial do BNG.

**3. Abstencións: (0), ningunha.**

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a moción do Grupo Provincial do Partido Popular en relación á conectividade na provincia de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

**5. MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA ESIXIR AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE RESPECTE AS DECISIÓNS XUDICIAIS E NON CONCEDA O INDULTO AOS LÍDERES INDEPENDENTISTAS CATALÁNS CONDENADOS POR SEDICIÓN.**

O Deputado, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso presentou o día 15 de xuño de 2021 co número de rexistro WEB 2021025644 unha moción do grupo provincial do Partido Popular asinada polo Deputado do grupo provincial, José Alfonso Marnotes González con data 15 de xuño de 2021, para esixir ao Goberno de España que respecte as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición, cuxo contido é o seguinte:

*“En outubro de 2017, diversos partidos e membros do Goberno de Cataluña organizaron un referendo ilegal co obxectivo de separar esta comunidade autónoma do resto de España e crebar a indisoluble unidade do noso país que recoñece a nosa Carta Magna.*

*Ademais, proclamaron de forma ilegal a independencia e a constitución dunha ilegal república catalá.*

*Por iso, dous anos despois os impulsores destes actos (Oriol Junqueras, Carme Forcadell, etc.) foron condenados polo Tribunal Supremo a penas que oscilaban entre os 9 e os 13 anos de prisión así como a penas de inhabilitación.*

*O alto tribunal considerou probado que devanditos condenados cometeran delitos de sedición e/ou malversación.*

*No momento de coñecerse a sentenza, o Presidente Sánchez “garantía tanto á cidadanía catalá como ao conxunto da cidadanía española que esa sentenza ía cumprirse na súa totalidade” posto que “ninguén está por encima da lei” mentres que outros membros do seu goberno defendían que as penas impostas debían cumprirse integramente.*



*Pero tanto Sánchez como o seu goberno seguían necesitando os votos dos partidos independentistas cataláns para manterse no poder; unha necesidade que se fixo máis perentoria tras as eleccións xerais celebradas en novembro de 2019 nas que o PSOE perdeu case 800.000 votos e 3 escaños respecto a celébralas no mes de abril do mesmo ano.*

*Esa necesidade foi o detonante de que o goberno propuxese realizar unha modificación do delito de sedición, incluída dentro unha reforma máis ampla do Código penal, que supoñería unha rebaixa das penas aos condenados polo 1º de Outubro.*

*Unha reforma que como explicou en setembro de 2020 o actual Ministro de Política Territorial e Función Pública, Miquel Iceta, era necesario abordar porque "é importante que o Goberno demostre que quere ir resolvendo temas concretos" (dito en referencia á situación dos presos polo 1-Ou).*

*E agora, en 2021, o Presidente Sánchez e o seu goberno non esconden a súa vontade de indultar a uns condenados que non só non mostraron nada de arrepentimento senón que deixaron claro (tanto no xuízo, ao exercer o seu dereito á última palabra, como en declaracións posteriores) que teñen intención de reincidir nos delitos cometidos.*

*Ademais, tanto a Fiscalía como o Tribunal Supremo opóñense ao indulto.*

*O alto tribunal, nun demoledor e clarísimo informe aprobado por unanimidade dos seus membros, explica que o que pretenden o Presidente Sánchez e o seu goberno é retorcer a natureza do indulto e cuestionar "os presupostos que fan lexítimo o exercicio da función xurisdiccional".*

*É dicir, o goberno está a poñer en dúbida, do mesmo xeito que os fan os líderes independentistas, o funcionamento da xustiza española, co que iso significa de ataque a unha institución que constitúe o pilar fundamental da nosa democracia.*

*Por último, destacar que o Tribunal Supremo deixa en evidencia a verdadeira intención do Goberno ao defender o indulto, que nos é outra que a súa mera supervivencia política, ao lembrar que "algúns dos que aspiran ao beneficio do dereito de graza son precisamente líderes políticos dos partido que, neste momento, garanten a estabilidade do Goberno chamado ao exercicio do dereito de graza".*

*Por todo o exposto e ante a fundada sospeita de que non nos atopamos perante un indulto senón diante dun pago político, o Grupo Provincial Popular na Deputación de Pontevedra, presenta a seguinte:*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

*O pleno da Deputación de Pontevedra:*



*PRIMEIRO.-Expresa o seu respaldo incondicional e absoluto á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico español como garantes da integridade e unidade da nación e do estado de dereito e a democracia no noso país.*

*SEGUNDO.- Manifesta o seu apoio sen fisuras ao labor que realizan todos os días os diferentes tribunais de xustiza españois, con especial mención ao Tribunal Supremo, de maneira independente, responsable e sometidos unicamente ao imperio da lei como establece o artigo 117 da Constitución Española.*

*TERCEIRO.- Insta o Goberno de España a respectar a independencia das diferentes institucións do Estado e as decisións xudiciais e a non conceder o indulto a aqueles que vulneraron- como declarou probado o Tribunal Supremo- non só a nosa Carta Magna senón tamén outras leis españolas e que, como repetiron en numerosas ocasións, pretenden reincidir no delito de sedición labor.*

*CUARTO.- Insta o Presidente do Goberno de España a comparecer no Congreso dos Deputados nun pleno monográfico para explicar a súa intención de conceder o indulto aos condenados pola sentenza 459/2019, do 14 de outubro, pola convocatoria dun referendo ilegal e a proclamación ilegal dunha república catalá independente.*

*QUINTO.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, ao Ministro de Xustiza e aos Portavoces dos Grupos Políticos do Congreso e do Senado.”*

Sometida a votación a moción do Grupo Provincial do Partido Popular para esixir ao Goberno de España que respecte as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición, obtívose o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
- 2. Votos en contra: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 3. Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a moción do Grupo Provincial do Partido Popular para esixir ao Goberno de España que respecte as decisións xudiciais e non conceda o indulto aos líderes independentistas cataláns condenados por sedición, cos votos a favor das Deputadas e





Deputados do grupo provincial do Partido Popular e cos votos en contra das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG.

## **6. DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE MAIO DE 2021.**

A Intervención con data 10 de xuño de 2021, elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de maio de 2021, onde se deixa constancia do seguinte:

*“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas*

*O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.*

*O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ó mes ou ó trimestre anterior:*

*A limitación de medios e o solapamento co Plan actual, condicionan a definición do Plan 2021, que sen prexuízo da conveniencia e necesidade da ampliación, debe formularse en termos realistas de execución.*

*O novo Plan mantén as actuacións previstas no Plan 2020, sen prexuízo de que si as circunstancias o aconsellan poida modificarse e incluír novas actuacións seleccionadas en función de avaliación de riscos.*

## **MEDIOS DISPOÑIBLES**

*Os medios persoais dispoñibles para a realización do control financeiro son limitados en canto a número e dedicación. O incremento da actividade de control, tanto no que atinxe ao reforzo do control financeiro en materia de subvencións, como a inclusión de novas áreas de control e auditoría, esixe necesariamente unha maior dotación de medios, ben sexa mediante incremento do número de efectivos asignados ás tarefas de control, ben mediante a colaboración con entidades privadas especializadas en control e auditoría, ou unha mestura de ambos.*

*Esta limitación de medios arrastrada de anos anteriores, agravouse no ano 2020 como consecuencia da crise da COVID que afectou de xeito significativo ao desenvolvemento do traballo en entidades que, como esta Deputación, non tiñan cultura de traballo en remoto. A adaptación ao novo escenario, suspensión de prazos e procedementos, e incertezas xeradas, afectaron ao control financeiro, supoñendo unha demora na redacción do Plan 2020 e no inicio das actuacións. Esta situación afectou a execución do Plan demorando a súa elaboración e realización das actuacións de control previstas.*

*Co obxecto de poder desenvolver un control financeiro e de auditoría de mínimos contouse coa colaboración de dúas firmas auditoras para a realización das auditorías das contas 2019 de entidades adscritas e dependentes (Consortio Provincial Contra Incendios, Consortio Contra Incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería), así como para a realización dunha parte do control financeiro de subvención, incluídos na programación do 2020. Estes contratos foron prorrogados.*

*Deste xeito, contarase novamente para este exercicio coa colaboración das dúas firmas auditoras para a realización da auditoría das contas 2020 dos dous Consortios e da Escola de Enfermeira e na realización do control financeiro de subvencións.*



*En todo caso, cómpre destacar que a realización dun control financeiro e auditoría que cumpra as esixencias legais e regulamentarias esixe necesariamente unha maior dotación de medios, cuestión que debe ser abordada de xeito progresivo no medio prazo.*

## **CONTIDO**

*A efectos de delimitar o contido do Plan Anual de Control Financeiro, diferenciamos actuacións de CONTROL PERMANENTE e actuacións de AUDITORÍA.*

## **CONTROL PERMANENTE**

*No que tinxe ao CONTROL PERMANENTE podemos establecer una dobre clasificación das actuacións de control:*

- *Por un lado, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro OBRIGATORIAS (existe unha norma legal e/ou regulamentaria que configuran o control con carácter preceptivo) e VOLUNTARIAS (previamente seleccionadas en función dun análises de riscos).*
- *Doutro, podemos distinguir entre actuacións de control financeiro PLANIFICABLES e NON PLANIFICABLES. As primeiras poden derivar ou non dunha obriga legal e se realizan con carácter xeral a posteriori empregando técnicas ou procedementos de auditoría, as segundas (non planificables) derivan dunha obriga legal e se efectúan no momento e coas condición previstas na normativa reguladora, segundo as esixencias do procedemento.*

### **A. Actuacións de control permanente derivadas dunha obriga legal ou regulamentaria (OBRIGATORIAS)**

*O artigo 4 do Real decreto 128/2018 sinala unha serie de materias ou procedementos suxeitas a control financeiro con carácter preceptivo. Na restante normativa de aplicación no ámbito das entidades locais, atopamos outras actuacións en materia de informe ou control atribuídas á Intervención con carácter preceptivo e que, ao non revestir o carácter de fiscalización/intervención previa, se inclúen no control financeiro e, por conseguinte neste Plan Anual.*

#### **Artigo 4 do Real Decreto 128/2018:**

*“El ejercicio del control financiero incluirá, en todo caso, las actuaciones de control atribuidas en el ordenamiento jurídico al órgano interventor, tales como:*

- 1. El control de subvenciones y ayudas públicas, de acuerdo con lo establecido en la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones.*
- 2. El informe de los proyectos de presupuestos y de los expedientes de modificación de estos.*
- 3. La emisión de informe previo a la concertación o modificación de las operaciones de crédito.*
- 4. La emisión de informe previo a la aprobación de la liquidación del Presupuesto.*



5. *La emisión de informes, dictámenes y propuestas que en materia económico-financiera o presupuestaria le hayan sido solicitadas por la presidencia, por un tercio de los Concejales o Diputados o cuando se trate de materias para las que legalmente se exija una mayoría especial, así como el dictamen sobre la procedencia de la implantación de nuevos Servicios o la reforma de los existentes a efectos de la evaluación de la repercusión económico-financiera y estabilidad presupuestaria de las respectivas propuestas.*
6. *Emitir los informes y certificados en materia económico-financiera y presupuestaria y su remisión a los órganos que establezca su normativa específica.”*

**Outras actuacións de control financeiro obrigatorias previstas na normativa legal aplicable ás entidades locais son as seguintes:**

- a) *As previstas na Lei Orgánica 2/2012 e RD 1463/2007. Entre outras:*
  - *As consideracións en materia de estabilidade e sustentabilidade que deben ser obxecto de valoración con carácter previo á aprobación das disposicións regulamentarias, en fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración, así como calquera outra actuación que afecte aos gastos ou ingresos públicos presentes ou futuros (artigo 7.3 Lei Orgánica 2/2012).*
  - *Avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria en fase de elaboración, execución e liquidación do orzamentos (artigo 11 LO 2/2012)*
  - *Informe de seguimento do Período Medio de Pago a provedores (art. 18.5 L.O 2/2012).*
  - *Informe sobre o cumprimento do Plan económico-financiero -PEF- (artigos. 19, 22.2 y 25.3 RD 1463/2007)*
  - *Seguimento da execución orzamentaria e verificación do cumprimento dos obxectivos asignados (art. 32.1 RCI).*
  
- b. *As previstas na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL): - Informe de sustentabilidade financeira para o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación (Art. 7.4 LRBRL).*
  - *Informe de sustentabilidade financeira para a constitución de consorcios (Art. 57 LRBRL).*
  - *Informe de sustentabilidade financeira das propostas de xestión directa dos servizos públicos de competencia local a través de entidade pública empresarial local ou de sociedade mercantil local, cuxo capital social sexa de titularidade pública (Art. 85 LRBRL).*
  - *Informe de avaliación de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da sustentabilidade financeira do exercicio das súas competencias, no caso de que a entidade local propoña exercer a iniciativa pública para o desenvolvemento de actividades económicas (Art. 86 LRBRL).*
  
- c. *As previstas no Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL):*
  - *Informe ao Pleno de todas as resolucións adoptadas polo Presidente da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados polo órgano interventor, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos. (Art. 218.1 de TRLRFL).*
  - *Informe ao Tribunal de Contas sobre as resolucións e acordos adoptados pola presidencia da Entidade Local e por el Pleno da Corporación contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos (Art. 218.3 de TRLRFL).*
  - *Informe ao Pleno sobre o resultado do control financeiro sobre a Entidade Local, (Art. 220 TRLRFL).*
  - *Informe acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica específica nos investimentos financeiramente sustentables (Disposición Adicional 16ª de TRLRHL).*
  - *Informe anual e dación de conta ao Pleno, xunto coa liquidación, do grado de cumprimento dos criterios legalmente previstos para os IFS (apartado 6 D.A. 16ª do TRLRFL).*



- *Informe ao Ministerio de Facenda dos investimentos realizadas en aplicación do lo previsto na la Disposición Adicional 16ª de TRLRHL. (Apartado 8 da D.A. 16ª do TRLRFL)*
- *Control financeiro en materia de ingresos, nos supostos nos que se substitúe a fiscalización previa de dereitos pola toma de razón na contabilidade (artigo 219.4 TRLRFL).*
- (...)

*Respecto das actuacións de control financeiro derivadas dunha obriga legal, como apuntamos anteriormente, hai que diferenciar as que se realizan de xeito continuo (**non planificables**) e as que se realizan con posterioridade e mediante aplicación de técnicas de auditoría (**planificables**).*

*As actuacións de control permanente e non planificables que se realizan de xeito continuado, con ocasión da fiscalización ou intervención, como apartado específico do informe ou, no seu caso, Informe complementario e independente, non precisan para a súa esixibilidade da incorporación a un Plan anual de Control Financeiro.*

*A enumeración referida non se considera exhaustiva de xeito que aínda que non enumeradas neste Plan, constitúen actuacións de control financeiro permanente de obrigado cumprimento calesquera outras previstas ou que se inclúan como tal con posterioridade na normativa legal aplicable ás entidades locais.*

*As actuacións de control financeiro realizadas a posteriori e mediante a aplicación de procedementos de revisión selectivos contidos nas normas de auditoría e instrucións dadas ao efecto pola Intervención Xeral da Administración, conforman as actuacións de control financeiro planificables.*

*Como actuacións de control financeiro derivadas dunha **OBRIGA LEGAL e PLANIFICABLES**, inclúense as seguintes:*

- *Tal e como recolle o artigo 12.3 da lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso de la factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas en el Sector Público, as Intervencións Xerais ou órganos equivalentes de cada Administración realizarán unha auditoría de sistemas anual para verificar que os correspondentes rexistros contables de facturas cumpren coas condicións de funcionamento previstas na normativa.*
- *No ámbito das subvencións o RD 424/2017, recolle a obriga xa prevista na Lei 38/2003 de Subvencións, no que respecta ao control financeiro nesta materia.*
- *En materia de ingresos, cando se substitúe a fiscalización previa pola toma de razón na contabilidade, debe realizarse un control financeiro a posteriori. De acordo co disposto nas Bases de execución do Orzamento Provincial (base 40) realizarase a fiscalización previa dos dereitos mediante comprobación pola Intervención das liquidacións que se fan polos centros xestores ou polo ORAL. Noutros conceptos de ingresos (ingresos doutras AAPP, etc) substitúese pola toma de razón na contabilidade, polo que deberán ser obxecto de inclusión nos Plans Anual de Control financeiro.*



### **B. Actuacións de control permanente seleccionadas anualmente sobre a base dunha ANÁLISE DE RISCOS.**

*Nas restantes materias non previstas como actuacións suxeitas a control permanente de carácter obrigatorio, deberase proceder a avaliación e selección sobre a base dunha análise de riscos.*

*Neste sentido resultaría desexable a elaboración dun mapa de riscos e elaboración dun programa a medio prazo que, en función das prioridades, sirva de base para a elaboración do Plan Anual de Control Financeiro.*

*Non en tanto, a limitación de medios, a novidade na posta en marcha de certos tipos de control como a auditoría de contas e a necesidade de priorizar o cumprimento das actuacións de control financeiro preceptivas, imposibilitan o deseño dun Plan anual máis global. A inclusión de maiores actuacións, aínda que desexable, suporía a elaboración dun documento ou programación que desde o principio, sabemos que non se vai cumprir.*

### **ACTUACIÓNS EN MATERIA DE AUDITORÍA**

*A auditoría prevese no RD 424/2017 como unha modalidade de control financeiro, delimitada desde un punto de vista subxectivo, pola natureza da entidade obxecto do control (entidades privadas ou públicas dependentes ou adscritas á entidade local territorial), temporal (a posteriori), e procedimental (conforme as normas e procedementos de auditoría).*

*Esta modalidade control comprende as auditorías de contas ou financeiras, de cumprimento e operativas.*

*Como actuacións de auditoría de obrigado cumprimento, o artigo 29.3 do Real Decreto 424/217 sinala a auditoría de contas de organismos autónomos, entidades empresariais, fundacións do sector público local obrigadas a auditarse pola normativa específica, fondos e Consorcios. A realización de auditorías de sociedades mercantís ou fundacións non obrigadas a auditarse segundo normativa específica poderán incluírse, n seu caso, no Plan de anual de auditorías.*

*As outras dúas modalidade de auditoría, de cumprimento e operativas en entidades do sector público non sometidas a control permanente serán obxecto de selección e planificación en base a un análise de riscos.*

### **ACTUACIÓNS A INCLUÍR NO PLAN ANUAL DE CONTROL FINANCEIRO E AUDITORÍA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA – 2021**

*Como xa se expuxo anteriormente, a limitación de medios dispoñibles e a excepcionalidade da situación actual xerada pola crise do COVID condicionan o deseño e programación do Plan Anual.*



*Sen prexuízo da inclusión das actuacións de control permanente obrigatorias e de execución continua, o Plan Anual de Control e Auditoría exercicio 2021 inclúe as seguintes actuacións planificables que estruturamos en tres Bloques:*

#### **A. CONTROL FINANCEIRO en materia de SUBVENCIONES.**

*O control financeiro en materia de subvencions desenvólvese como Anexo incorporado ao presente en Plan, na liña dos Plan Anuais aprobados en anos anteriores.*

*Aplicando criterios de risco, baseados na experiencia, combínanse dous criterios de selección, un criterio de inclusión automática para expedientes de maior contía e outro de selección aleatoria por mostreo en función do procedemento de concesión e contía, previa determinación de expedientes excluídos.*

*Para execución deste control contarase coa colaboración da entidade de auditoría privada (E&Y), adxudicataria do contrato de colaboración no control financeiro de subvencions formalizado en data 4/09/2020 e prorrogado neste exercicio.*

*Pola demora no inicio das actuacións neste exercicio, a proposta de colaboración non suporá ampliación no número de expedientes obxecto do control, sen prexuízo de que en función do resultado da experiencia destes anos, poida ter continuidade e nos permita ampliar o número de expedientes no vindeiros exercicios, acometendo así unha ampliación progresiva a medio prazo.*

#### **B. AUDITORÍA DE CONTAS DE ENTIDADES DEPENDENTES.**

*No que respecta a auditoría de contas das entidades dependentes incluírase neste Plan, a realización da auditoría das contas 2020 do Consorcio Provincial contra incendios, Consorcio contra incendios Deza Tabeirós e Escola de Enfermería.*

*Para execución deste control contarase coa colaboración da entidade de auditoría privada (BM AUDITORES), adxudicataria do contrato de colaboración na realización da auditoría de contas dos Consorcios e do contrato de colaboración na auditoría de contas da Escola de Enfermería, formalizados en data 31/08/2021 e 5/11/2020, respectivamente.*

#### **C. AUDITORÍA DE FUNCIONAMENTO DO REXISTRO CONTABLE DE FACTURAS.**

*O Plan Anual 2020 incluíu por primeira vez a auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas. De conformidade coas esixencias legais,*



*este control debe realizarse anualmente, o que xustifica a súa inclusión novamente no Plan anual 2021.*

*Esta auditoría realizarase con medios propios, con colaboración do Servizo de Novas Tecnoloxías, sen prexuízo de que, de acordo cos recomendacións desta Intervención, a parte de auditoría de seguridade poida realizarse por técnico con perfil de auditoría de sistemas que, no caso de inexistencia de persoal propio, poderá ser obxecto de contratación con entidade especializada.*

*Si ben o Plan anual proposto considérase insuficiente, somos conscientes de que a formulación dun Plan anual máis amplo sen a dotación de medios correspondentes, resultaría de imposible cumprimento. Neste sentido, óptase pola inclusión de parte das actuacións de control financeiro e de auditoría esixidas por imperativo legal, demorando a vindeiros Plan a inclusión da totalidade de actuacións obrigatorias así como as áreas ou materias que se consideren prioritarias en función dun análise de riscos.*

*Na medida na que o avance nas actuacións incluídas o permitise, procederase a ampliar o ámbito do control deste Plan, con inclusión preferente do control financeiro en materia de ingresos.*

### **ÁMBITO TEMPORAL**

*Con carácter xeral, o alcance temporal do presente Plan abarca desde a súa elaboración pola Intervención ata o 31 de decembro de 2021, de conformidade co seguinte:*

- 1. O control permanente obrigatorio e non planificable levarase a cabo durante todo o período de vixencia referido no parágrafo, segundo prazos sinalados pola normativa e/ou esixidos pola tramitación do expediente en cuestión.*
- 2. O ámbito temporal de execución do Plan de control financeiro en materia de subvencións levarase a cabo desde a elaboración do Plan ata o 31/12/2021 realizándose sobre os expedientes de subvencións concedidas no exercicio 2019.*
- 3. As auditorías de contas dos Consorcios e Escola de Enfermería levaranse a cabo no 2021 respecto das contas do exercicio 2020.*
- 4. A auditoría de funcionamento do rexistro contable de facturas, abranguerá o funcionamento do rexistro no ano 2020, e iniciarase no ao longo do segundo semestre do 2021.*

*Ao presente plan sucederalle outro en cuxa elaboración teranse en consideración as conclusións acadadas neste. En tanto non se aprobe o vindeiro plan, o presente plan terase por prorrogado.*

### **ANEXO: PLAN DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS NO EXERCICIO 2019.**

#### **I. INTRODUCCIÓN.**





*O control financeiro de subvencións correspóndese cunha parte do control financeiro que debe desenvolver a entidade. Dando continuidade aos traballos de control financeiro realizados sobre as subvenciones concedidas, no presente exercicio realizarase o control financeiro sobre as concedidas no exercicio 2019.*

*Como en exercicios precedentes, no 2019 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verifícase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.*

*O control financeiro das subvencións determínase no artigo 44 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS). No apartado 3 do devandito artigo establécese que: “a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...” Así mesmo a Disposición adicional 14ª establece que “os procedementos regulados nesta Lei adaptaranse regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais”, e esta adaptación aínda non se produciu a día de hoxe na Deputación, aínda que se establecen na base 25 das Bases reguladoras do Orzamento provincial unha serie de requisitos sobre ela.*

*Adicionalmente subliñar que no exercicio 2016 apróbase polo Pleno da Deputación, na sesión ordinaria do 28 de outubro, a “Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra”, BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016, que adica o seu art. 31 o Control Financeiro.*

*Na disposición adicional décimo cuarta da LXS establécese que: “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes corresponderá aos órganos ou funcionarios que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións a que se refiren os artigos 213 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais”.*

*Neste exercicio, tal e como se implantou no exercicio 2018, o criterio de selección de expedientes atenderá a os criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que se fará a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo que superen os 14.999,99 €, e nominativo que superen os 14.999,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, estendéndose o criterio cuantitativo as concedidas por concorrencia competitiva que superen o importe de 18.999,00 €, asemade se fará unha selección por sorteo de aquelas subvencións concedidas por concorrencia competitiva cuio importe se encontre entre os 5.999,99 € e os 18.998,00 €.*



*Adicionalmente, para comprobación de subvencións de inversións o importe mantense nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores.*

## **II. MARCO XURÍDICO DE REFERENCIA.**

- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).*
- *Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).*
- *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).*
- *R. d. I. 2/2004, de 4 de marzo, que aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).*
- *Bases de execución dos orzamentos da Deputación.*
- *Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, en materia de control financeiro.*
- *Bases específicas reguladoras das subvencións concedidas.*
- *Normas de auditoría do sector público.*

## **III. OBXECTO DO CONTROL.**

*Este control terá por obxecto verificar:*

- *A adecuada e correcta obtención das subvencións polas entidades e persoas beneficiarias.*
- *O cumprimento por parte do colectivo de persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.*
- *A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución do obxecto da subvención.*
- *A realidade e regularidade das operacións que de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.*
- *O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*
- *A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polas entidades e persoas beneficiarias, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

## **IV. PERSOAL QUE REALIZARÁ O CONTROL FINANCEIRO.**

*Aínda que a función interventora a exercerá o interventor da Deputación, o artigo 222 do TRLRFL, en referencia ás facultades do persoal controlador, dispón que se realizará por "os funcionarios (...) que se designen para levar a efecto os controis financeiro e de*



*eficacia (...)", o que fai necesario que exista un nomeamento por parte do órgano competente para os efectos de dotar de medios persoais e materiais se fosen necesarios para o desenvolvemento desta tarefa.*

*A este respecto o Título III da ordenanza xeral de subvencións dispón no apartado 17 que este control financeiro se realizará polo Órgano Interventor.*

*Para iso a Intervención provincial elabora o presente plan de control financeiro das subvencións concedidas no ano 2019 co fin de comprobar os extremos anteriormente expostos.*

## **V. DESENVOLVEMENTO DOS TRABALLOS.**

*O Control Financeiro das subvencións concedidas ni ano 2019 desenvolverase en tres modalidades ou tipos de traballo, Control Financeiro Pleno, Control Financeiro Limitado e de comprobación de que as subvencións concedidas para adquisición, construción, rehabilitación e mellora de bens inventariables cumpren os períodos de adscrición determinados nas bases reguladoras de concesión e os previsto no art. 31 da Lei Xeral de Subvencións.*

*Ditos traballos consistirán, basicamente, en:*

### **Actuacións de control financeiro pleno efectuarase:**

- *O exame de rexistros contables e estados financeiros que a soporten.*
- *Operacións individualizadas relacionadas ou que afecten ás subvencións concedidas.*
- *A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con elas.*
- *A comprobación material dos investimentos financiados.*
- *As actuacións concretas de control que se deban realizar conforme á normativa reguladora.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*

*Os traballos de campo serán realizados pola empresa E&Y, sendo supervisados polo persoal da Intervención da Deputación responsable dos mesmos.*

### **Actuacións de control financeiro limitado realizarase:**

- *Os traballos se farán dende Intervención sen o desprazamento do persoal encargado a sede social do beneficiario se ben, se fose necesario, si se realizaría.*
- *O exame da conta xustificativa que a soporte.*
- *A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.*
- *Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.*
- *Remisión polo beneficiario das contas anuais e información contable relacionada ca subvención, se fose necesario.*



- Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.
- Extracto bancario onde se reflectan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.
- Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.

**Actuación de comprobación do período de adscrición consistirán:**

- Co apoio dos técnicos dos centros xestores das subvencións concedidas, se emitirá informe sobre a comprobación in situ da referida adscrición, así como a comprobación dos pagos dos xustificantes incluídos na conta xustificativa.

*Polo que respecta ás **obrigas de colaboración**, conforme establece o artigo 46 da LXS, existe deber de colaboración por parte de terceiras persoas, en relación co obxecto da subvención, debendo prestar colaboración a axentes da fiscalización, no exercicio das súas funcións de control e en concreto, permitir o libre acceso á documentación, a locais de negocio, facilitar a obtención de copias e retención de facturas ou documentos e equivalentes ou substitutivos así como libre acceso á información das contas bancarias nas entidades financeiras onde puidese efectuar o cobro das subvencións ou con cargo ás que se puidese realizar a disposición dos fondos.*

*A negativa ou escusa ó cumprimento desta obrigación considérase resistencia, obstrución ou negativa á colaboración cos efectos previstos no artigo 37 da LXS, sobre causas do reintegro de subvencións.*

*Polo que respecta ó establecemento do **procedemento do control financeiro**, este constará das seguintes fases:*

- Elaboración pola Intervención do plan de control financeiro.
- Selección da mostra. Definindo claramente a liña ou liñas de subvención obxecto de control financeiro, así como dos criterios seguidos na selección dos expedientes para a realización do traballo.
- Iniciación. Mediante a oportuna notificación ás entidades e persoas beneficiarias das actuacións para desenvolver. Data da comparecencia do equipo, natureza e alcance das actuacións para desenvolver, documentación que debe poñerse a disposición del e demais elementos necesarios.
- Finalización. As actuacións de control finalizarán coa emisión dos correspondentes informes comprensivos dos feitos postos de manifesto e das conclusións que deles se deriven.
- Prazo de actuacións. As actuacións de control financeiro deberán concluír nun prazo máximo de 12 meses contando desde a data de notificación a aqueles do inicio destas. O devandito prazo poderá ampliarse, co alcance e requisitos que se determinen regulamentariamente, cando nas actuacións concorra algunha das seguintes circunstancias:

1. Se revisten durante o seu transcurso especial complexidade.



2. Cando no transcurso das actuacións se descubra que a entidade ou persoa beneficiaria ocultou información ou documentación esencial para un adecuado desenvolvemento do traballo.
- Documentación das actuacións de control financeiro. Toda actuación de comprobación deberá documentarse en dilixencias e informes. Así mesmo, toda actuación de control finalizará coa emisión dun informe que recolla os feitos postos de manifesto, e das conclusións que deles se desprendan. Tanto unhas coma outras terán a natureza de documentos públicos e farán proba dos feitos que motiven, salvo proba en contrario.
  - Efectos dos informes. Se como consecuencia do informe emitido se derivase a procedencia dun reintegro ou a imposición dunha sanción, a LXS establece un procedemento contradictorio. Nestes casos darase traslado do informe a entidade ou persoas beneficiarias as conclusións ás que se chegou, para o que disporá de 15 días para alegar, coa finalidade de aceptalas ou desestimálas. A Presidencia, no prazo dun mes, desde a recepción do informe definitivo, deberá acordar mediante Resolución presidencial o inicio do expediente de reintegro ou sanción, notificándollo á entidade ou persoa beneficiaria, que disporá de 15 días para alegar. Unha vez concluído o procedemento ditarase unha resolución definitiva da cal se dará traslado ó negociado de xestión de recursos económicos para emitir un cargo polo importe correspondente ó reintegro ou a sanción.
  - Conclusións e recomendacións. Unha vez que se concluíu totalmente o plan de control financeiro dun exercicio, e independentemente das actuacións propostas en cada un dos informes que se emitan, a Intervención provincial elaborará un informe no que se resume o resultado global das actuacións levadas a cabo e as recomendacións de mellora que se estimen oportunas.
  - Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.

## **VI. CONTIDO DO PLAN.**

### **VI.1. Obxecto e determinación dos expedientes a examinar.**

O desenvolvemento do control financeiro que se realizará no exercicio 2021 estenderase sobre as subvencións concedidas no ano 2019 xa que na data de realización dos traballos deberán estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución



de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta.

Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente e que non tiveron incidencias. Asemade se excluíron da mostra a seleccionar aqueles que a data de elaboración deste informe aínda non foron rematados pola empresa E&Y das concedidas nominativamente, independentemente do seu resultado, para así diversificar máis os beneficiarios obxecto deste traballo con respecto a anos anteriores.

Como consecuencia o detalle da mostra a traballar queda do seguinte xeito:

	<b>MAIOR DE 14.999,99 €</b>		<b>MAIOR DE 14.999,99 € €</b>	
	<b>NOMINATIVA</b>		<b>DIREITAS</b>	
<b>SELECCIÓN</b>	29	724.000,00 €	2	615.000,00 €
<b>TOTAL</b>	54	946.500,00 €	6	641.000,00 €
<b>COBERTURA</b>	<b>53,70 %</b>	<b>76,49 %</b>	<b>33,33 %</b>	<b>95,94 %</b>

Serán obxecto de Control Financeiro Pleno 31 expedientes, os 29 de subvencións nominativas e 2 directas.

Por outra banda os 12 de maior importe concedidos en concorrencia e 8 serán seleccionados por muestreo se farán mediante Control Financeiro Limitado.

	<b>CONCORRENCIA</b>			
	<b>MAIOR DE 18.999,00 €</b>		<b>ENTRE 5.999,99 € e 18.998,00 €</b>	
<b>SELECCIÓN</b>	12	279.919,45 €	8	<b>SORTEO</b>
<b>TOTAL</b>	12	279.919,45 €	162	1.591.341,56 €
<b>COBERTURA</b>	<b>100,00 %</b>	<b>100,00 %</b>	<b>4,94 %</b>	

A selección por muestreo se fará utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procederase, mediante unha fórmula aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedemos a buscar dentro este rango de números aleatorios os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.



*Adicionalmente se incluírán no programa de traballo, tal e como expúxose no informe de Control Financeiro de Subvencións do exercicio 2018, aqueles expedientes que de forma motivada se propoñan por os diferentes Centros Xestores da Deputación, indicando aqueles incumprimentos que a o seu criterio se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes que no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.*

*A determinación dos expedientes a revisar que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, se fará sobre aquelas subvencións concedidas por importe superior a 10.000,00 €, e que no fosen seleccionadas para o Control Financeiro, xa que será un dos obxectos de traballo do mesmo.*

<b>CAPÍTULO VII</b>		
<b>MAIOR DE 10.000,00 €</b>		
	<b>Nº EXP.</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>SELECCIÓN</b>	14	225.146,25 €
<b>TOTAL</b>	33	314.608,55 €
<b>COBERTURA</b>	<b>42,42 %</b>	<b>71,56 %</b>

*Dos 14 seleccionados 4 xa se inclúen dentro da mostra de concorrencia competitiva, polo que os expedientes realmente afectados serán 10.*

### **VI.2. Equipo de traballo**

*Crearase un equipo de traballo que baixo a dirección da Viceinterventora estará composto polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría e pola xefa de Negociado de Contabilidade e Inmobilizado.*

*No exercicio das actuacións de control os funcionarios que participen nestas tarefas actuarán coas facultades previstas no artigo 47 da LXS e suxeito ós deberes do artigo 48.*

### **VI.3. Informes**

*Os informes deberán axustarse ás Normas de auditoría do sector público.*

*No caso que se proceda ó reintegro da totalidade ou parte da subvención iniciárase o expediente de reintegro por parte de Intervención, do que se dará coñecemento ó centro xestor así como a Tesourería para os efectos da súa recadación como ingreso de dereito público.*

*Do resultado deste control financeiro se actuará conforme o disposto nos art. 35 e 36 do R.D. 424/2017, de 28 de abril, polo que se aproba o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local. Asemade, e conforme o disposto no art. 37 do mesmo texto legal o órgano interventor elaborará un resumo dos resultados que se incluírá no do resultado do control interno sinalado no art. 213 do Texto refundido da Lei*



*Reguladora das Facendas Locais, con ocasión da aprobación da conta xeral da Deputación e os seus organismos dependentes.”*

A Comisión informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital queda enterada do contido do Plan Anual de Control Financeiro e Auditoría da Deputación de Pontevedra a desenvolver durante o ano 2021, en relación ó disposto artigo 31 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

## **9. ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e sete minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

*(Documento asinado electrónicamente ó marxe)*

